

A Nosa Rede

**Día Mundial
das Telecomunicacións
e da Sociedade da Información 2011**



Martes, 17 de maio do 2011



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia



Asociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia



A hora da verdade

Maite Arcos, Directora Xeral de Redtel



Durante anos ouvimos que é necesario mellorar a competitividade do aparello produtivo para tratar de elevar de forma sustentable o nivel de desenvolvemento e benestar da cidadanía. No entanto, parece non haber conexión entre estas intencións e os feitos do día a día.

Pero chegou a hora da verdade. Na actual conxuntura de crise é ineludible concretar esas melloras. Esta publicación difundirase no momento no que os equipos de goberno municipais estean a tomar posesión dos seus cargos e deseñando os seus programas de traballo. Seguramente algúns terán en mente actuacións relacionadas con servizos de telecomunicacións e o desenvolvemento da Sociedade da Información. Pero, coñecerán os responsables políticos todas as posibilidades que teñen nas súas mans para favorecer o despregamento de redes eficientes? Serán conscientes da interrelación -ou no peor dos casos, a incoherencia- das medidas que planean adoptar?

O labor dos expertos técnicos, dos enxeñeiros de telecomunicación, é imprescindible axudando a reflexionar sobre como poden contribuír as Administracións Públicas a potenciar a acción das empresas que invisten en redes de telecomunicacións, para que isto reverta en mellorar o nivel de desenvolvemento e benestar social dos cidadáns.

Dado que desde o local e o rexional inflúese en gran medida na creación de facilidades (ou alternativamente barreiras) antólase fundamental a colaboración entre o público e o privado, co obxectivo de avanzar na renovación do modelo produtivo español. Reducir ao máximo a fenda dixital é un obxectivo común e prioritario. Para alcanzalo é importante implementar medidas que favorezan o impulso da demanda e o fomento de redes de telecomunicacións e de servizos innovadores. Segundo datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas, o CIS, o 68% das persoas que non acceden a Internet, non o fan porque "non lle interesa" ou "non sabe utilizalo". Polo tanto, **as actuacións máis urxentes e efectivas serán as destinadas a incentivar**

a demanda, ben promovendo o seu uso por parte de cidadáns e empresas, ben mediante a xeración de contidos e aplicacións atractivas.

Só un 2,7% dos non internetas declaran que non acceden a Internet por non dispor de acceso a redes de telecomunicacións. É evidente que a falta de redes non está entre os obstáculos que impiden a xeneralización do uso de servizos da Sociedade da Información. Esta reflexión cuestiona a efectividade dalgunhas actuacións municipais, como o investimento público por parte de Concellos, en redes de telecomunicacións (WiFi, fibra óptica) sen exporse se existe ou non necesidade, se alguén vai utilizar eses investimentos públicos. E, no peor dos casos, ignorando os requisitos

que debe cumprir un proxecto público de redes de telecomunicacións (cumprimento da Circular 1/2010 da CMT) e por tanto, asumindo o risco de verse sancionado, como xa ocorreu.

E, mentres os responsables municipais invisten o orzamento público en redes que, con sorte, utilizarán entre un 2% e un 5% da súa poboación, esquecen usar unha ferramenta que só está nas súas mans, que non ten custo orzamentario, e que sería moi efectiva: **facilitar e axilizar a tramitación administrativa de proxectos de investimento privados**. A pesar de que a cobertura existente é moi ampla é necesario continuar despregando novas redes e mellorar as xa existentes para incorporar avances tecnolóxicos que permitan aumentar

o ancho de banda e xeneralizar as redes de nova xeración.

Ante este desafío, os responsables das corporacións poden facer moito para potenciar a dotación de infraestruturas sen esforzos orzamentarios, adoptando un papel de facilitador do investimento privado mediante a diminución de barreiras normativas e do custo de cumprimento das obrigas administrativas. Neste sentido, **o papel das Entidades Locais e Comunidades Autónomas é crucial**.

Os municipios contan co asesoramento de técnicos co expertise suficiente para evidenciar estas e moitas outras cuestións que poderían contribuír a concretar e materializar esa inaprensible "mellora da produtividade e a competitividade". Só é necesario que os escoiten.



Declaración do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia co gallo do Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2011

Os enxeñeiros de telecomunicación instamos ós concellos a garantir a prestación de servizos TIC ós cidadáns e ás empresas como alicerces esenciais do desenvolvemento económico

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) quiere dirixirse un ano máis a toda a sociedade galega co gallo do Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2011, que hoxe, día 17 de maio, se celebra en todo o mundo.

Por iso, e baixo o lema escollido pola Unión Internacional de Telecomunicacións para conmemorar a data de hoxe: "Unha vida mellor nas comunidades rurais coas TIC", no exercicio da nosa responsabilidade, queremos facer un chamamento ós políticos e ós cidadáns. Os primeiros, no desempeño das súas funcións, deben ser conscientes da importancia que teñen os concellos de cara a modernización do noso territorio. Han de tomar a iniciativa no despregue de infraestruturas e na prestación de servizos baseados nas TIC, como ferramenta indispensable para o desenvolvemento tecnolóxico e polo tanto, económico. E os segundos, deben reclamar os dereitos que lles son propios. Non só é necesario o acceso a Internet. Cómpre dicir que as redes de banda ampla son requisito *sine qua* non para poder gozar deses servizos, ós que aínda unha parte importante da poboación galega non ten acceso por non dispor dunha conexión de calidade. Pero máis alá dos custos das infraestruturas, están as vantaxes derivadas das aplicacións das novas tecnoloxías, como a prestación de servizos de proximidade, que abranguen case todos os aspectos da vida dos cidadáns. Tamén, os emprendedores e as empresas poderán facer negocios desde o lugar máis remoto, co mundo como mercado. Os beneficios das aplicacións das TIC superarán sempre ós custos, sendo polo tanto o mellor investimento que se pode facer.

A plena implantación da banda ampla ten que deixar de ser un obxectivo para converterse nunha realidade. Demandamos a implementación de novas tecnoloxías que dean cobertura a todo o territorio galego. É necesario o despregamento das infraestruturas de telefonía e internet móbil, xa que só cunha conexión en mobilidade e de calidade poderase chegar ata o derradeiro recodo da nosa complicada orografía. Cómpre unir esforzos desde todos os lugares, rurais e urbanos, fomentando a creación de novas empresas sobre a base da innovación, potenciando as existentes e os recursos disponibles, en definitiva, creando un tecido empresarial TIC potente, coa capacidade de penetrar no mercado global mundial. Pedimos tamén ás distintas administracións que leven a cabo actuacións de xeito coordinado evitando a duplicidade e maximizando o investimento e ós profesionais competentes que loiten por evitar os medos da sociedade transmitindo as vantaxes sociais derivadas das novas tipoloxías de redes. Galicia ten, neste senso, moito camiño por andar. Son abondosas, pero insuficientes, as iniciativas emprendidas para tentar situar a Galicia no lugar que lle corresponde e aínda debemos mellorar nos rankings da banda ampla. Por iso, desde o COETG, instamos a todos a facer un compromiso polo futuro de Galicia. Somos conscientes do esforzo que a nosa reclamación supón e por iso adherímonos a esta proposta, comprometéndonos a contribuír e colaborar en todo o posible de cara a facilitar á cidadanía toda a información, orientación e axuda que sexa necesaria, neste proxecto de futuro común no que todos debemos embarcarnos.

Nós celebramos esta data dobremente, porque somos enxeñeiros de telecomunicación e porque somos galegos, e hoxe, Día das Letras Galegas, échenos de orgullo dirixirnos a nosa xente para reclamar que o eido das TIC sexa elemento transmisor de coñecementos, canle de comunicación e vehículo difusor da nosa cultura.

Asdo. Ramón Bermúdez de Castro Olavide
Decano COETG



DIRECTORIO PROFESIONAL DE GABINETES E ENXEÑEÍROS DE TELECOMUNICACIÓN



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia

Web: www.aetg.org

SEDE EN A CORUÑA

Federico Tapia, 17 bis entreplanta local 4
15005 A Coruña
T: 981 919 300
F: 981 919 301
administracion@coetg.es

SEDE EN VIGO

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación (ETSET)
Campus Lagoas-Marcosende s/n
36310 Vigo, Pontevedra.
T: 986 465 234. F: 886 125 996
aetg@aetg.org

IRIX GALICIA S.L.
CARLOS MOSQUERA MONTERO
Nº Colegiado: 12.589
C/ Cabana 5-7 bajo - 15006 A Coruña
Tfno: 981912305 • Fax: 981065200
irix@irix.es www.irix.es
SW a medida. Diseño web, Inst. y Manten.
Redes, Recup. Datos

FERNANDO FERNÁNDEZ PEDRAZA
Nº Colegiado: 8100
Tfno: 670898529
fpedraza@fpedraza.com
www.fpedraza.com
ICT. Domótica. Aplicaciones Web. Seg. informática. Linux.

DOPEC S.L.
Alberto Villar Ferrer
Nº Colegiado: C14405
Tfno: +21222393188
avillar@dopec.com
Ingeniería y Arquitectura. Proyectos en España y Marruecos

INDOMÓTIKA SISTEMAS Y COMUNICACIONES, S.L.
JOSÉ MARÍA NÚÑEZ ORTUÑO
Nº Colegiado: 11.023
C/ Luis Seoane, 2 bajo
36001 Pontevedra
Tfno: 986 845258 / 616995898
jruñez@indomotika.com
www.indomotika.com
Proyectos Telecomunicación. ICT. Domótica. Edif. Inteligentes

ANTONIO CASTELLS PERA
Nº Colegiado: 2899
Tfno.: 661 641 773 castells@iies.es
Estac. base telefonía.
Med. radioeléctricas sg.
RD 1066/2001

KASTEL INGENIERÍA
JOSÉ RAMÓN PÉREZ CASTELAO
Nº Colegiado: 14226
La Campiña, 114 - 27192 Lugo
Tfno: 685887625
info@kastel.es
www.kastel.es
Certificaciónes, ICTs, Estudios
Viabilidad, Títulos Habilitates

JAVIER FERNÁNDEZ FRAGA
Colegiado nº 5039
C/Recatelo 21 - 2º A - 27002 - LUGO
Tfno: 982100609 javierfraga@coit.es
Proyectos, medidas radioeléctricas e informes periciales.

JULIO PÉREZ FORMOSO
Nº Colegiado: 6252
C. Ramón Cabanillas, 13, 1º B - 32004 Ourense
Tfno/Fax: 988391519 • Móvil 619419689
juliopt@iies.es www.julioformoso.es

CESÁREO GARCÍA RODICIO
Nº Colegiado: 8038
www.cesareox.com
+34 988 980044
Sistemas de Información

SONEN, CENTRO DE ACÚSTICA E SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS, S.L.
CÁSTOR RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
Nº Colegiado: 15080
Parque Tecnolóxico de Galicia
Edificio CEI - N. 208
San Cibrao das Viñas - 32911 Ourense
Tfno: 652 770 034
info@sonen.es www.sonen.es
Consultoría en acústica arquitectónica e medioambiental

SERVIDOMO, SERVICIOS INMOBILIARIOS Y DOMÓTICA.
RAQUEL PEREIRA PEREIRA
Nº Colegiada: 15.192
C/Antonio Palacios, 50 Bajo - 36400 - O Porriño (Pontevedra).
Tfno/Fax: 986 34 80 82
oficina@servidomo.es www.servidomo.es
ICT's, Domótica, Hogar Digital. Prescript. Sist. Domóticos

GIZA INGENIERÍA S.L.
LUIS MANUEL SÁNCHEZ GARCÍA
Nº Colegiado: 6179
Lugar da Granxa 15B Mondego
15168 Sada - A Coruña
Tfno: 881991447 giza@gizaingenieria.es
Servicios de Ingeniería. Proyectos- Direcciones de Obra. ICT

PC CARRIER, S.L.
XOSÉ ANTONIO DOLDÁN PEDREIRA
Nº Colegiado: 12271
Tfno: 981 140 800 x.doldan@pcarrier.com
Formación TIC, Inst. Networking, ERP/CRM, Sistemas CAD/CAM

AMADOR RODRÍGUEZ DIÉGUEZ
Nº Colegiado: 14523
Tfno: 646 490810 amador@uvigo.es
ICT y Dirección de obra. Programación. Cursos a medida. Web.

MARÍA L. HIDALGO SOTELO
Nº Colegiada: 7191
A Coruña
Tfno: 630 940 650
mhidalgo@coit.es
Gestión innovación.
Firma electrónica. Herramientas SW. ICTs

BOADO INTEGRA INGENIEROS
Alfonso Saavedra Boado
Nº Colegiado: 9220
Santiago de Compostela
Tfno: 981 571284 teleco@boado.com
Proyectos de ICT, Acústica, TDT, Gap-Fillers, WiMax

SOLEDAD TORRES GUJARRO
Nº Colegiada: C09387
Tfno: 617 012 427 storres1@iies.es
Ingeniería Acústica. Sistemas de Audio. Proyectos de ICT.

ROGELIO MARTÍNEZ TEJEIRA
Nº Colegiado: 8328
Tfno: 625192714 rm_tejeira@yahoo.es
ICT's, Redes de Datos, Instalacións de seguridade, megafonía

EVENTYAM INGENIEROS, S.L.
MARÍA E. BALTAR CARRILLO
Nº Colegiada: 6470
José Antonio Centoira García
Nº Colegiado: 15090
C/Doctor Cadaval, 33 - Ofic. 2º b
33202 Vigo • Tfno: 986 120 106
www.eventyam.com
Campos electromagnéticos. Ruido. Termografía. Proy./Certif.

ACBIA SOLUCIONES S.L.U.
FAUSTINO CASTRO SANJORGE
Nº Colegiado: 12363
Tfno: 981650870 - Móvil: 677163247
fcastro@acbia.com / acbia@acbia.com
Consult. Estratégica. Conectividad/ Comunicaciones, A.Técnica

ALBERTO FREIRE GRANDE
Nº Colegiado: 15558
Tfno: 646741115
Alberto.Freire@tecnocom.es
Proyectos de ICT y direcciones de obra

AIN ACTIVE S.L.
ALBERTO NÚÑEZ ARES
Nº Colegiado: 4.064
Emilio González López 58 A, baixo
15011 A Coruña • Tfno: 981160249
info@ain-active.com
Proxectos enerxías renovables e ICT

BORATELECOM SL
JOSE MONTEAGUDO LIMERES
Nº Colegiado: 13.320
Plaza Curros Enríquez, 1. Of.: 312
36002 Pontevedra
Tfno: 986 188 983 / 690 351 498
jlmeres@boratelecom.com
http://www.boratelecom.com
Servizos a empresas: VoIP, Web, Open Source

JOSÉ LUÍS ARGÜESO FERNÁNDEZ
Nº Colegiado 3.177
C/ Padre Don Rúa 17-1º H
36203 Vigo
argueso@coit.es
Oficina de Proyectos de Telecomunicaciones

LITRIUMTECH HARDWARE
CARLOS LÓPEZ MÉNDEZ
Nº Colegiado: C16060
Rio Navia 21 - 3º izq.
27004 Lugo
Tfno: 627797774
carlos.lopez@litriumtech.co.cc
http://litriumtech.co.cc
soluciones Hardware e Ingeniería Electrónica

JESÚS AMIEIRO BECERRA
Nº Colegiado: 13.432
Doantes de Sangue nº4 2ºD
36400 O Porriño (Pontevedra)
Tfno: 630615609
jesus@jesusamieiro.com
http://www.jesusamieiro.com
Peritajes judiciales, ICT, consultoría



MESA REDONDA A NOSA REDE:

política municipal en materia de telecomunicacións e sociedade da información

A NOSA REDE (ANR): ¿Cal sería a liña directriz da actuación municipal capaz de mellorar substancialmente o posicionamento dos concellos galegos con respecto a súa modernización tecnolóxica e á prestación de servizos baseados nas novas tecnoloxías aos seus cidadáns?

Pablo Cobián Fernández (P.C.): Para min o tema das TIC é un tema como o do medio ambiente, no que temos que remar todos na mesma dirección a pesar de que haxa partidos políticos representados, para que esa fenda dixital se reduza o máximo. Esta pregunta a min tócame moi directamente porque a parte de ser parlamentario estou como concelleiro en Oleiros.

Hai que falar do que está a ocorrer na actualidade nos concellos que é unha cuestión que vén xa de hai tempo. A maioría deles, sobre todo os pequenos e os medianos, están metidos no obxectivo de levar a banda ampla a multitude de veciños e están implementando solucións de forma illada e para min isto é un erro. Estamos nun momento moi complicado pola crise onde os ingresos dos concellos vense minorados e o marxe de manobra é moi reducido. É certo que moitos deles están a invertir en infraestruturas, é verdade, mais o problema non é soamente o investimento inicial. A realidade é que a maioría non ten feito un plan de viabilidade e mantemento desas instalacións e esa é unha situación que está levando o fracaso na implantación desas tecnoloxías.

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) celebrou unha mesa redonda con motivo das vindeiras eleccións municipais do 22 de maio para clarificar as liñas mestras das políticas de telecomunicacións dos principais grupos políticos.

Ademais, a maioría dos concellos menores de 30.000 habitantes representan o 58% da poboación e o 95% do territorio galego. É unha cuestión moi importante porque existe vertebrar o territorio doutra forma máis eficiente. Penso que os concellos non deben operar como illas e que non deben facer inversións individualizadas porque non é operativo. Ten que haber moitísima máis cooperación na prestación de servizos tecnolóxicos.

Os pequenos e medianos concellos teñen que estar tutelados indubidablemente pola administración supramunicipal, neste caso pola Deputación e a Xunta na procura dunha concentración do esforzo inversor.

Outro problema que teñen estes concellos é que a maioría deles non dispoñen de coñecementos en materia TIC. Non teñen persoal cualificado para poder



O debate, moderado polo director de A Nosa Rede, Joaquín Lameiro Paz, tivo lugar na sede do COETG en A Coruña. Temas como a necesidade dunha reorganización territorial cunha clara atribución de competencias ás distintas administracións, o despregamento de infraestruturas de telefonía e internet móbil ou a obrigatoriedade da e-administración foron os máis salientados.



asesorar nesta materia, de aí a necesidade de facer algún tipo de convenio coas asociacións de profesionais como o COETG.

E ten que existir unha cuestión básica tecnolóxica que nestes momentos non está ocorrendo que é a interoperabilidade entre as distintas administracións, estou a falar entre concellos, Deputación e a propia Xunta. A Xunta nestes momentos está buscando unha estratexia en común a través do Plan de Banda Ancha 2010-2013. Este Plan xurde pola necesidade de evitar esa duplicidade de investimentos nunha mesma zona.

Mar Barcón Sánchez (M.B.): A situación, o noso xuízo, ten menos que ver ás veces co tamaño do municipio e máis coas prioridades nas que os concellos invisten. A Coruña é un concello grande que ten un despregamento importante de TICs pero concellos como Petín que é un dos máis pequenos de Galicia ten 400 persoas usuarias de redes sociais. É unha situación moi diferenciada que á forza ten que ir cara a unha homoxeneización porque o despregamento das infraestruturas e a tecnoloxía supoñen ó final un aforo de custes para a administración. Estou pensando en prestacións como a telexerontoloxía, por exemplo, que desde logo abaratan moito os servizos de proximidade e que sen a implementación de tecnoloxías son moi difíciles.

Para nós os obxectivos irían nunha tripla dirección. Primeiro, habería que completar a implantación da administración electrónica porque supón un aforo de custes para os concellos moi notable, un incremento da transparencia, e desde logo, para nós tamén do que significa a propia democracia. O segundo sería ampliar a cantidade de servizos cidadáns baseados nas tecnoloxías. O derradeiro, e que para nós ten tamén moita importancia, é realizar unha política municipal de desenvolvemento dos parques tecnolóxicos.

Tamén podería implementarse desde a administración supramunicipal, seguindo o exemplo que puxo en marcha a FEMP, un servizo de información e asesoría, porque seguramente ós concellos faillan tanta falla que se lles axude no desenvolvemento das infraestruturas como que se lles ensine as potencialidades que teñen as tecnoloxías.

Raúl Fernández Iglesias (R.F.): Creo que estamos de acordo na necesidade de cooperar entre as distintas administracións. Nós entendemos as TIC como instrumentos indispensables non só para a administración senón para todos os galegos. Propugnamos un modelo transformador da administración local que ten que pasar por unha nova forma de organización territorial. Os concellos teñen que modernizarse. A idea sería funcionar mellor dando servizo ós cidadáns, e todo ello aforrando gastos inútiles, baseándose nun modelo de urbanización e unha administración local neste caso, que o que estamos a falar, máis eficaz e máis eficiente.

Pensamos que se acabou o tempo da democracia representativa xa que as novas tecnoloxías dannos a oportunidade de irmos a unha democracia participativa na que os temas de goberno e administración teñen que estar accesibles a toda a cidadanía creando espazos permanentes de participación e colaboración veciñal. Temos que converter a revolución dixital non nunha eiva, senón nunha arma poderosa para facilitarmos un motor de desenvolvemento económico e de promoción.

ANR: ¿Estarian a favor dun acordo entre partidos no ámbito municipal para impulsar o despregamento das infraestruturas de telefonía e internet móbil aplicando as directrices contidas no documento de boas prácticas promovido polo Servizo de Asesoramento Técnico e Información (SATI)?

P.C.: Ordenar o territorio é unha cuestión de moitísima relevancia. E a administración autonómica ten que dar un

propia FEGAMP. Non hai mellor código de boas prácticas que os cidadáns coñezan a verdade, porque a ciencia elimina os mitos. Co coñecemento para os cidadáns e a formación é posible que se poda acadar un código de boas prácticas de carácter político. De todas formas, teremos que acadar nos propios plans xerais e sectoriais un espazo para falar e deseñar a ubicación das infraestruturas, porque ó final, un paso moi importante dos plans pasa pola administración autonómica.

P.C.: A tramitación é dos concellos...

M.B.: Xa sei que a tramitación e o deseño é dos concellos pero hai un montón de informes sectoriais que competen á Xunta e unha das partes da tramitación do plan xeral é competencia da administración autonómica.

R.F.: É que o primeiro que hai que falar é que as competencias en materia de telecomunicacións corresponden ó Estado e, nese senso, nós tentamos resolver unha serie de eivas con varias propostas de resolución á situación do Plan de Extensión de Banda Ancha para facer posible no 2013 a plena cobertura en todo o territorio galego con especial atención ó medio rural. Falouse tamén dunha coordinación cos concellos e da redacción dun plan de medidas para impulsar o despregue das bandas fixas e móbiles e pediuse a transferencia da xestión do espectro no territorio galego. Adherímonos á reclamación do COETG: a Axencia Estatal de Radiotelecomunicacións para Galicia, pola que hai que seguir loitando e da que non nos podemos esquecer.

Presentamos unha proposición non de lei no 2010 que abre a porta á creación de licenzas de telefonía móbil de ámbito galego. Solicitamos tamén que se teñan en conta as peculiaridades xeográficas e poboacionais para garantir a máxima cobertura, que nas próximas modificacións regulamentarias se valore a posibilidade de que o uso de frecuencias teña como punto de partida as comunidades autónomas, que se retiren as concesións ás operadoras que non realicen os investimentos comprometidos e que en todos os novos procedementos relacionados coa asignación de banda se valoren positivamente as propostas de cobertura no medio rural con banda ampla móbil.

PPdeG, PSdeG e BNG debaten sobre o futuro das telecomunicacións no ámbito da administración local.

M.B.: Non é por debater, pero a min por exemplo chamoume moito a atención a escasa importancia que se lle daba a este tema nas directrices de ordenación do territorio, que é un documento que acaba de aprobar o Partido Popular en solitario e que ó mellor debería de ter tido moita máis profundidade na definición dos nodos de tecnoloxía. É certo que algunhas cuestións vinculadas á implantación das infraestruturas teñen moita contestación. É posible un pacto entre partidos, é válido o modelo do SATI ou dun código de boas prácticas que podería impulsarse desde a administración autonómica ou desde a



Pablo Cobián Fernández, como representante do Partido Popular, Mar Barcón Sánchez, do Partido Socialista de Galicia e Raúl Fernández Iglesias, polo Bloque Nacionalista Galego achegaron as súas posturas sobre os temas máis relevantes na actualidade para o desenvolvemento do sector TIC.



penso que se debería facer algún tipo de convenio coas asociacións de profesionais ou co Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación para que os concellos dean cumprimento a esa norma que acaba de establecerse.

M.B.: É certo que para os concellos onde hai escaseza deste tipo de profesionais os convenios poden ser unha solución. A nós parécenos que hai tres vías para levarlo a cabo: primeiro, esixíndoo nas novas licenzas; segundo, hai unha posibilidade nos plans xerais que se están aprobando. Nós temos algunhas propostas para facer desenvolvementos de fogares dixitais, a implementación de polígonos tecnolóxicos, etcétera. Estamos desenvolvendo conceptos como as paradas intelixentes no transporte público ou a domótica para algúns colectivos como as persoas maiores ou con discapacidades. E terceiro, no que atinxe a rehabilitación -agora mesmo estase a facer máis rehabilitación que vivenda novatas unha política de rehabilitación no eido rural e para nós é o momento para levar o equipamento non só ó residencial senón tamén ós pequenos locais comerciais.

R.F.: Ben, as ICTs son o último chanzo que temos para que as telecomunicacións cheguen ó cidadán, se falla iso non hai nada. A lexislación asignou ós concellos a obriga de garantir os dereitos dos cidadáns relativos ós accesos ós servizos de telecomunicación. Nos concellos grandes non é problema pero nos pequenos si. Temos que buscar modelos que dalgunha forma solventen esta eiva. E para nós pasaría, volvemente outra vez á organización territorial, en compartir servizos. Agora hai unhas figuras que son as mancomunidades, os consorcios e no futuro poden ser as comarcas, nas que os concellos si poden compartir servizos. Cando falamos de unir concellos para compartir servi-

zos estaríamos falando da creación de comarcas urbanas -que serían as áreas metropolitanas- e comarcas rurais. Eu penso que estamos de acordo en que queremos un novo modelo de organización local que ten que pasar primeiro pola ordenación do territorio e segundo por facer unha administración local moderna.

Claro que se necesitaría un enxeñeiro de telecomunicación e tamén se necesitarían igualmente expertos en outras áreas. Pero claro, hai moitos concellos que non van poder a non ser que compartan servizos. Temos outras ferramentas como convenios entre o COETG e os concellos como ben dices. Se nos xuntamos unha serie de concellos si podemos ó mellor acceder a persoal que nos dea a capacidade de acceder a estes beneficios.

Os enxeñeiros de telecomunicación, unha ferramenta chave para o desenvolvemento tecnolóxico e económico galego.

M.B.: Eu comparto que hai moitos concellos que non teñen medios, pero isto a min ás veces parécenme desculpas de mal pagador. Un concello que ten a responsabilidade sobre unha licenza terá que enviar un arquitecto ou o enxeñeiro ben sexa do concello, da mancomunidade ou da asociación de concellos para facer a inspección, pedirle unha serie de documentación e pasarlle ó Colexio ou á Asociación. Hai cousas que teñen un camiño xa escrito.

ANR: ¿Está a e-administración na axenda política de primeiro nivel dos

concellos e contan estes cos medios necesarios para a súa implantación?

P.C.: Eu penso que estamos todos de acordo no que di a lei en dous puntos preferentes: o dereito dos cidadáns a comunicarse coa administración por canles electrónicas e a obriga da administración a comunicarse e compartir información e documentos transparentes pola mesma vía.

O Goberno da Xunta de Galicia articulou o desenvolvemento dun espazo que se chama o e-concello, que é unha oficina que está en pleno funcionamento e está potenciando e complementando proxectos, algún deles xa iniciados noutra lexislatura. Penso que todos os partidos que estamos aquí nesta cuestión témolo moi claro. Compartimos tres obxectivos: hai que corrixir o desequilibrio territorial, modernizar as entidades locais impulsando os servizos públicos dixitais e por último, procurar a proximidade á cidadanía, facéndoa máis transparente e máis cercana ós cidadáns. Penso que este goberno da Xunta de Galicia teno claro. Isto é unha cuestión de longo recorrido, non se poden facer as cousas dun día para outro e creo que vamos polo bo camiño, cunha inversión, por certo, no 2010-2013 preto dos 10 millóns de euros.

M.B.: Moitos concellos foron implementando esta modalidade de servizos pondoos a disposición dos cidadáns. Están formando ós profesionais e hai unha axuda importante por parte de todas as administracións. Pensamos que hai un porcentaxe moi amplo da poboación cunha parte do que fai cotiamente que xa está moi vinculado ás tecnoloxías, cunha amplitude na banda de idade e na localización xeográfica.

É un tema moi curioso que se axilzara antes a implantación nos sitios máis populosos cando a quen lle resolve máis

problemas é a xente que vive nos lugares máis pequenos e dispersos. Polo tanto é o investimento máis produtivo que pode facer un concello pequeno. A e-administración non só é unha obriga legal. Houbo moitos concellos que co Plan E, por exemplo, crearon infraestruturas, desenvolveron redes, outros non... Pois iso é una cuestión case vocacional e de prioridades pero desde logo é unha aposta que non ten marcha atrás.

Os partidos políticos consideran as TIC como un elemento estratéxico para a modernización de Galicia, que se atopa na cola da banda ampla.

R.F.: Creo que os tres partidos estamos de acordo en que é unha prioridade e que todo isto ten que estar coordinado sobre todo de cara á interoperabilidade. Porque cando falamos da administración electrónica, non só falamos dos cidadáns coa administración, senón tamén entre administracións. Os procedementos teñen que ser compatíbles entre si, por iso é imprescindible que as administracións cooperen. Non é só que o cidadán non perda o tempo en ir ata a administración e evite colas, senón que os tempos de resposta son moito menores e prodúcese unha minimización de erros porque se eses datos están dixitalizados todo vai ser máis transparente, máis rápido e claro. Pero non hai que esquecer unha parte importante que é que temos que ter un-

has oficinas nos concellos para aqueles persoas que por idade, por motivos económicos, etcétera, non van ser capaces de facer eses trámites electronicamente.

Non quero deixar de mencionar a aposta polo software libre, é importantísimo que todos os datos que obran en poder da administración estean en formato libre e non en poder dunha empresa que poida quebrar. Hai que buscar formatos abertos, fomentando o empresariado local e a independencia dos datos que sobrevivirán a estas empresas e tamén teremos maiores facilidades para traducilos á nosa lingua e adaptalos a eses cambios.

M.B.: Raúl facía incidencia nunha cousa que eu penso que ten e non ten que ver coa e-administración que é a racionalización dos procesos administrativos, porque eu son das que pensa que unha parte dese afastamento ou desafección da cidadanía coas institucións ten que ver coa política pero tamén cunha máquina que é absurda en si mesma. Ti falabas de compartir e homoxeneizar a información. É inútil que a Xunta de Galicia leve 27 anos pedíndolle ós concellos os datos para o Plan Concertado e cada exercicio todos os concellos de Galicia teñan que facer a mesma documentación. Iso é como volver ao Paleolítico directamente. É unha idiocia.

P.C.: Aquí teríamos que entoar todos o mea culpa. Levamos 27 anos co mesmo papelorio e non se solucionou cun goberno nin con outro. É increíble que levemos tanto tempo así. É prehistórico. Eu creo que imos todos polo mesmo camiño e coincidimos na necesidade de coordinar estratexias, mellorar as infraestruturas, facer plans de formación e dinamización e eu engadiría trazar un mapa de interoperabilidade. En fin, creo que aquí estamos todos de acordo.

colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galiciaAsociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de GaliciaO Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia
en agradecemento aos patrocinadores da**XV NOITE GALEGA DAS TELECOMUNICACIÓNS E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN****XUNTA
DE GALICIA****XACOBEO
Galicia**colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galiciaAsociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de Galicia**Día Mundial das Telecomunicacións
e da Sociedade da Información****17 de maio de 2011****Unha vida mellor nas comunidades
rurais coas TIC**www.itu.int/wtisdcolexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galiciaAsociación
de Enxeñeiros
de Telecomunicación
de GaliciaRúa Federico Tapia, 17 bis Entrpl., local 4
15005 A Coruña
T. 981 919 300 - F. 981 919 301
administracion@coetg.esEscola Técnica Superior de Enxeñeiros
de Telecomunicación (ETSET)
Campus Lagoas-Marcosende s/n
36310 Vigo, Pontevedra. T: 986 465 234. F: 886 125 996
aetg@aetg.org**A NOSA REDE****Presidente**

Ramón Bermúdez de Castro Olavide

Director

Joaquín Lameiro Paz

Membros do Comité EditorialXavier Alcalá Navarro
Ricardo Fernández Fernández
Javier Franco Tubio
Ramón Mª Lois Santos
Edita de Lorenzo Rodríguez
Antonio Posse Peña
Julio José Sánchez Agrelo

Edita: Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia

www.aetg.org